

Convocatoria de Concurso de artigos en galego para o boletín Xermolos de Ciencia

Para animar a todos os estudantes a participar activamente lánzase a Convocatoria de **Concurso de artigos en galego para o boletín Xermolos da Ciencia**

Obxectivo

O **concurso busca** que os alumnos universitarios redacten e envíen textos aptos para ser publicados en cada unha das 4 seccións do boletín. Cando o nivel dos textos sexa similar, terán prioridade os alumnos da facultade de Bioloxía. O PDI tamén pode participar no boletín, pero os premios están reservados ós estudantes.

Envío de documentos

Os textos deberán ser enviados ao correo electrónico: **xermolos.ciencia@usc.gal** en formato **.docx (Word) ou .odt (LibreOffice)**. O nome do arquivo deberá incluír o nome e apelidos do autor/a e a sección á que pertence (exemplo: *MaríaPérez_CienciaEnGalego.docx*).

Premios

En cada sección premiaranse dous traballos:

1º premio: Bono de 30 € para ser empregados na cafetería de Bioloxía - Matemáticas.

2ª premio: Bono de 20€ tamén para ser empregados na cafetería de Bioloxía - Matemáticas.

En total 8 premios para este primeiro número.

Extensión dos artigos:

A extensión mínima vai ser de 300 palabras e a máxima de 600 palabras.

Prazo de entrega

O prazo de entrega estará aberto dende a publicación desta convocatoria ata o 15 de marzo de 2025.

Criterios de avaliación

A Comisión de Normalización Lingüística valorará os textos segundo os seguintes criterios:

- **Corrección lingüística:** Uso correcto da lingua galega e precisión terminolóxica.
- **Rigor científico:** Fiabilidade e veracidade da información.
- **Claridade e accesibilidade:** Capacidade de comunicar ideas de forma comprensible.
- **Orixinalidade e interese:** Innovación na forma de abordar o tema e relevancia do contido.

Resolución:

A Comisión de Normalización Lingüística valorará a calidade e adecuación dos textos e resolverá nun prazo de 2 semanas a partir da data de fin da convocatoria. A publicación do fallo farase a través da páxina web da facultade.

A comisión pode decidir reservar textos que, aínda que non obtiveran premio, acadan calidade suficiente para ser publicados no presente número ou nos seguintes.

A comisión enviará un correo electrónico ós gañadores do concurso e xestionará a entrega dos bonos.

Santiago de Compostela a 28 de febreiro de 2025.

Asd. Jesús López Romalde
Decano da facultade de Bioloxía